

# O III Ciclo de Literatura Infantil e Xuvenil afonda no teatro e nas súas potencialidades na infancia

- A Secretaría Xeral de Política Lingüística colabora coa AELG na terceira edición desta iniciativa formativa destinada a alumnado, docentes en activo e público xeral
- As sesións desenvolveranse, desde hoxe, ata o 7 de novembro en Ourense

O III Ciclo de Literatura Infantil e Xuvenil, unha iniciativa formativa na que a Secretaría Xeral de Política Lingüística colabora coa Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELGA), afondará no teatro e nas súas potencialidades na educación infantil ao longo de seis sesións que se desenvolverán desde hoxe e ata o vindeiro 7 de novembro na cidade de Ourense.

O secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, abriu as xornadas no Campus das Lagoas destacando que “Antonio García Teijeiro, un dos grandes poetas e narradores galegos, foi galardoado hoxe co Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2017 pola obra Poemar o mar, un novo recoñecemento á literatura escrita na lingua propia de Galicia que xa é o sexto”, o que supón “un recoñecemento importante e mostra do momento de grande creatividade e consolidación desta nosa literatura que constitúe a mellor porta de entrada ao mundo e tamén á lingua galega dos nenos e nenas”.

O secretario xeral de Política Lingüística estivo acompañado por José María Faílde, director da Área de Planificación do Campus de Ourense; por Xosé Manuel Cid Fernández, vicedecano da Facultade de Ciencias da Educación; por Isabel Mociño, coordinadora do ciclo; e mais por Cesáreo Sánchez, presidente da AELG.

## O teatro e as súas potencialidades na educación infantil

O terceiro Ciclo de Literatura Infantil e Xuvenil -que se desenvolverá ata o día 7 de novembro na Sala Emilia Pardo Bazán do Edificio Facultades, no ourensán Campus As Lagoas- xira arredor do tema “O teatro e as súas potencialidades na educación infantil”. Entre os seus obxectivos figuran dar a coñecer estratexias, recursos e ferramentas para achegar o teatro e a dramatización a infantes e adolescentes; divulgar experiencias e producións de literatura infantil e xuvenil galega da man dos propios creadores ou valorar o papel do profesorado e da escola como axentes dinamizadores, programadores e normalizadores culturais.

A primeira das sesións desta edición, hoxe á tarde, estivo a cargo de Paula Carballeira, baixo o título Qué facemos co teatro? A próxima, terá lugar o 10 de outubro e virá da man da actriz Raquel Castro, quen disertará sobre o teatro como ferramenta no ensino. Seguirao o día 17 a conferencia de Antón Cortizas Escribir teatro desde o anfiteatro. O 24 de outubro, Carlos Labraña falará de Teatro para ler, teatro para pensar. O día 31 de outubro, Manuel Núñez Singala ocuparase de Normalización da lingua, identidade e literatura e o día 7 de novembro pechará o ciclo Sabela Gago co relatorio Literatura infantil e dramatización. Todas as sesións comezarán ás 18.00 horas.

## Convenio de colaboración

O Ciclo de Literatura Infantil e Xuvenil que este ano chega á súa terceira edición é froito do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por medio da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a AELG.

A cooperación entre ambas as entidades posibilita ademais outras actividades de divulgación da literatura escrita na lingua propia de Galicia, tales como o ciclo 'Escritores na Universidade' que se está celebrando estes días en Vigo; as visitas de escritores a Centros de Estudos Galegos dependentes da Secretaría Xeral de Política Lingüística ou o Curso de formación continua 'As literaturas infantís e xuvenís ibéricas. A súa influencia na formación lectora'.

Data de actualización: **03/10/2017**